



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

I Curso de Verán de Lingua e Cultura Galegas para Estranxeiros

Organiza:

Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Descrición do curso:

Os cursos de verán de Lingua e Cultura Galegas diríxense a aquelas persoas que procedan de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e que estean interesadas en se introduciren no estudo da lingua galega, así como en ampliaren os seus coñecementos sobre a cultura galega.

Duración:

80 horas lectivas

Nivel:

Este ano só se ofertará o nivel elemental e estará dirixido a aquel alumnado que desexar iniciarse no coñecemento da lingua e cultura galegas.

Calendario do curso:

O curso impartirase entre o 2 e o 27 de xullo de 2007.

Número de prazas: 20

Haberá **bolsas** de **400 €** para cada unha das 20 persoas seleccionadas para o curso. De non se cubriren 10 prazas como mínimo, poderase suspender o curso.

Programa:

As clases desenvolveranse de acordo coa seguinte programación:

- De luns a venres:
 - 10.00-11.30 h: actividades teórico-prácticas
 - 11.30-12.00 h: descanso
 - 12.00-13.30 h: actividades teórico-prácticas
- Luns, martes e xoves (os venres pola tarde sempre ficarán libres):
 - 16.00-18.30 h: achegamento á cultura galega

- Actividades teórico-prácticas de lingua galega:

A aprendizaxe non estará focada exclusivamente dun punto de vista gramatical, senón que se verá complementada con actividades (xogos, dinámicas de participación social aplicadas ao ensino da lingua etc.) dirixidas a motivaren o alumnado e a facilitaren a interacción e a comunicación en contextos variados. Nestas clases, o profesorado procurará adaptarse ao nivel do grupo e ás súas necesidades concretas.

- Achegamento á cultura galega:

Nestas sesións desenvolveranse actividades pensadas para que o alumnado acceda a coñecementos básicos sobre a cultura galega (historia, arte, música, produción cultural contemporánea etc.). Na mesma liña, programaranse visitas a institucións e asociacións relacionadas coa promoción da lingua e da cultura galegas, encontros con escritores e persoas de relevo na cultura galega, así como a asistencia a actividades culturais de carácter diverso.

Durante o tempo do curso, tamén se organizarán visitas a varias cidades e vilas galegas (Santiago de Compostela, Ferrol, Betanzos...).

Lugar de realización do curso:

Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña.

Preinscrición e matrícula:

Para inscribirse neste curso é necesario ter cumpridos 18 anos e que o boletín de preinscrición (véxase o documento adxunto) chegue á Secretaría do curso **antes do día 12 de xuño**. Este boletín será enviado ao enderezo electrónico snl@udc.es

A listaxe cos nomes dos/das 20 bolseiros/as admitidos/as (máis suplentes) será enviada por correo electrónico.

As persoas seleccionadas deberán **pagar a matrícula** entre o **13 e o 25 de xuño** por transferencia bancaria mediante un formulario que se facilitará oportunamente no Servizo de Normalización Lingüística e na páxina web www.udc.es/snl

Tamén sería conveniente enviar á Secretaría do curso un breve currículo do/da alumno/a e unha carta de presentación dun/dunha profesor/a da universidade ou da institución en que estuda.

O **importe da matrícula** será de **60 €**, prezo en que irán incluídos o material didáctico, os gastos das actividades complementares de carácter cultural e mais o diploma.

Só se considerará inscrita unha persoa cando fixer efectiva a matrícula.

Aloxamento:

Moi preto da Facultade Filoloxía existen dúas residencias universitarias, Rialta e Siglo XXI. A Secretaría do curso, se así se lle solicitar, comprométese a facilitar os prezos e os contactos, así como a xestionar as reservas oportunas.

Así mesmo, a aquelas persoas que estiveren interesadas facilitaránselles outros aloxamentos posíbeis: hoteis, hostais ou mesmo casas particulares.

Diploma:

Todas aquelas persoas que superaren con éxito as probas de avaliación obterán un certificado oficial de coñecemento básico de Lingua Galega expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Acompañamento:

Procurarase que o alumnado matriculado no curso que así o desexar poida estar acompañado durante a primeira semana do curso por unha persoa que o axude a se introducir na vida social e na práctica lingüística.

Máis información:

Para calquera dúbida ou aclaración, poden contactar coa coordinadora do curso, a profesora Carme Fernández Pérez-Sanjulián (carme@udc.es) ou co Servizo de Normalización Lingüística (snl@udc.es).



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

1. Curso que solicita			
2. Persoa solicitante			
Apelidos		Nome	
Pasaporte ou documento de identidade		Data de nacemento	
3. Enderezo particular			
Rúa		N.º	Andar
Provincia	Localidade	CP	Teléf.
País		Correo electrónico	
4. Universidade/institución en que estuda			
5. Idiomas que fala			
..... , dede 2007			
Sinatura			